



## **CIRCULAR 87-2018.** **XII CAMPIONATO DE GALICIA DE MARATÓN**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** A F.G.A organizará o Campionato de Galicia Absoluto, Sub23 (1997, 1998, 1999) e Máster (dende que cumbran 35 anos) individual e por Clubs Absoluto de Maratón que terá lugar na Coruña o vindeiro domingo **día 14 de Abril** do 2019.

**Art.2)** Poderán participar todos os/as atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2018/19) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os/as atletas extranxeiros/as maiores de 18 anos que non estén nacionalizados/as en España non poderán optar ós podiums nos Campionatos de Galicia individuais.*

**Art.3)** O percorrido para a carreira de Maratón está situado no centro urbano da cidade da Coruña. A saída está prevista para as 8:30 na zona do Cantón Grande.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 23:59 horas do 7 de abril do 2019.**

**Art.5).** Entregaranse medallas aos/as tres primeiros atletas de cada categoría e trofeo os tres primeiros clubs masculinos e femininos sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará nin as medallas nin os trofeos. A clasificación por clubs farase tomando como base a suma de tempos conseguidos polos/as tres primeiros atletas de un mesmo club (dos cales só un/unha pode ser estranxeiro/a). En caso de empate na clasificación o gañador será o club cuxo último/a corredor/a que puntúe quede millor clasificado/a.

**Art.6).** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma poderá ser motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.7)** A organización establecerá distintos controis polo circuíto para o paso dos participantes.

**Art.8)** A carreira estará controlada polo Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA. Todas as reclamacións deberán facerse



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**Art. 9)** Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 5 horas e 30 minutos dende o comenzo da proba. Así mesmo, establecerase un tempo de 2 horas e 45 minutos para o paso polo medio maratón. Pasado o tempo correspondente tanto ao primeiro tramo da carreira, como a distancia total, a persoa participante que siga en carreira deberá retirarse do circuíto oficial de competición.

**Art. 10)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre ás 8.00 e 8.15. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.

**Art.11)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3€ por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3€. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba onde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.12)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da F.G.A., da R.F.E.A. e da I.A.A.F. por esta orde.

A Coruña, 2 de decembro de 2018



Carlos Castro Vicente  
**Secretario da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo**